



Instrución 7/2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, para a aplicación do calendario do curso 2023/24 nos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza, e conservatorios superiores de música.

Tendo en conta as particulares características organizativas dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza, e dos conservatorios superiores de música, en tanto que centros de ensinanzas de réxime especial de perfil diferenciado, e para a aplicación da Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 16), cómpre ditar as seguintes instrucións para a organización destas ensinanzas no vindeiro curso académico 2023/24.

Calendario das actividades lectivas

1. Segundo o artigo 5, punto 2, da Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, as actividades lectivas nas ensinanzas de réxime especial realizaranse desde o día 11 de setembro de 2023 ata o 28 de xuño de 2024, ambos incluídos, de acordo cos calendarios de probas de acceso e probas de certificación establecidos para cada unha delas.

Calendario fin de curso

2.1 A avaliación final ordinaria, de ambos os dous graos, elemental e profesional, desenvolverase entre o 4 e o 6 de xuño, nas datas e horarios a determinar polos centros educativos. En calquera caso, o proceso de avaliación, incluída a comunicación das cualificacións finais, deberá ter rematado o día 6 de xuño. No caso do alumnado matriculado no sexto curso do grao profesional e/ou que estea a cursar o segundo curso do bacharelato, a avaliación das materias cursadas no plan de estudos do conservatorio profesional desenvolverase o 13 de maio, ao efecto de facilitar no seu caso o remate dos estudos, a posible obtención da titulación correspondente, e a inscrición nas probas de acceso ás ensinanzas artísticas superiores e universitarias. En todo caso, os conservatorios profesionais garantirán que desde o 14 de maio se poderá realizar a entrega da certificación académica en que figure ter realizado o depósito do correspondente título profesional, coa indicación da nota media do expediente, ao alumnado que supere o sexto curso.

2.2 En aplicación do establecido no artigo 14.1 da Orde do 3 de maio de 2023, o alumnado ten o dereito e a obriga de asistir ás clases ata o día en que rematen as actividades lectivas, segundo as datas reguladas no seu artigo 5, e o profesorado debe cumprir as súas funcións e o seu horario, e darlle a debida atención educativa.

2.3 As probas de acceso ao primeiro curso do grao elemental, ao primeiro curso do grao profesional, así como a outros cursos do grao elemental e do grao profesional, desenvolveranse a partir do día 4 de xuño, e de acordo cos calendarios específicos a tal efecto elaborados polos centros educativos.





2.4. En consonancia co artigo 14 da Orde do 3 de maio de 2023, durante o mes de xuño, as direccións dos conservatorios poderán introducir as adaptacións oportunas nos horarios do profesorado, asignando tarefas da súa responsabilidade, dando prioridade á realización das probas de acceso, actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado con materias sen superar e, de ser o caso, de preparación das probas específicas de acceso ás ensinanzas artísticas profesionais e superiores de música ou de danza (segundo corresponda) e das probas extraordinarias, de xeito que o profesorado desenvolverá en todo momento e ata a finalización das actividades lectivas o horario que lle corresponda conforme a normativa vixente.

2.5 A proba extraordinaria será organizada polos centros educativos, e levarase a cabo a partir do 20 de xuño.

Conservatorios Superiores de Música

Calendario do primeiro cuadrimestre

3.1 A actividade lectiva desenvolverase segundo o horario habitual establecido para o curso ata o 12 de xaneiro, inclusive.

3.2 O comezo das probas relativas á convocatoria ordinaria realizarase a partir do 15 de xaneiro, inclusive.

Calendario do segundo cuadrimestre

4.1 A actividade lectiva desenvolverase segundo o horario habitual establecido para o curso, desde o 29 de xaneiro ata o 10 de maio, inclusive.

4.2 O comezo das probas relativas á convocatoria ordinaria realizaranse a partir do 13 de maio, inclusive.

Calendario de fin de curso

5.1 O comezo das probas relativas á convocatoria extraordinaria realizaranse a partir do 17 de xuño, inclusive.

5.2. As probas de acceso ao primeiro curso realizaranse de acordo co calendario que se estableza na resolución de convocatoria destas probas.

Cada centro educativo organizará as restantes actividades académicas de acordo co seu proxecto de organización en función do presente calendario. As datas indicadas nas presentes instrucións para o desenvolvemento das distintas actividades de fin de curso non se poderán adiantar en ningún caso; non obstante, e por motivos xustificados, poderase solicitar a demora das mesmas, que deberá contar coa autorización expresa do Servizo territorial de Inspección educativa respectivo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Formación Profesional

María Eugenia Pérez Fernández

